

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 26/11/2020 13:53:11

SAIDA 14871/20



Reclamante: [REDACTED], en representación do [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 112/2020

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], en representación do [REDACTED] mediante escrito do 19 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación do [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 17 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica pola que se inadmite a súa solicitude sobre o acceso ao documento "*Cartografía del recubrimiento de semilla y percebe en el tramo entre Fisterra y A Garda*", elaborado polo Centro Tecnolóxico do Mar.

A entidade reclamante considera que na medida en que o interese público superior xustifica a divulgación e a solicitude non afecta nin causa prexuízos ás taxadas cuestións de intereses superior que se citan no artigo 14.1 da Lei 19/2013, cabería ao [REDACTED] exercer plenamente o dereito de acceso á información solicitada.

A resolución inadmite a trámite a solicitude e alega o [REDACTED] que este motivo de excepción está omitido na normativa galega polo que non sería de aplicación, xa que a Lei

galega amplía ou reforza o dereito das persoas administradas. Por outra banda, considera que ao ser un estudo realizado no ano 2011, non se pode considerar que se trate de información auxiliar ou de apoio, xa que esa condición perdeuna polo mero feito do paso do tempo, sen que caiba esgrimir o carácter pasado do documento para unha resolución presente.

Outro motivo de denegación é o que tal informe non deu lugar a unha publicación de acceso xeral, como condición para que a información sexa accesible, o que non considera que sexa motivo de inadmisión da súa solicitude.

O documento é o resultado dun estudo realizado no ano 2011 no marco dunha encomenda de xestión realizada pola Consellería do Mar ao CETMAR do que non cabe dúbida de que se trata dunha investigación -científica biolóxica- que ademais da escrita, terá información elaborada coa técnica de mapeo que permite unha visualización mediante representación gráfica a través de cartas xeográficas, polo que lle sorprende ao [REDACTED] que dito estudo non teña sido trasladado, sendo este unha corporación de dereito público que ten entre os seus fins a mellora da calidade do mexillón cultivado en Galicia, e nas finalidades e funcións, do [REDACTED], radica ademais o interese público superior que xustifica a divulgación da información.

A resolución non está motivada, e postos en contacto o [REDACTED] coa autoridade asinante da denegatoria, acordou remitirle un correo electrónico xustificando a motivación da solicitude, por se houbera lugar a revisar a decisión de entrega do citado informe, sen que ate a data se tivera recibido resposta.

O escrito viña asinado electronicamente, acompañado de copia da solicitude presentada e da resolución recorrida.

Segundo. Con data do 21 de outubro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 28 de outubro de 2020.

Terceiro. Con data do 9 de novembro de 2020 a Consellería do Mar contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o motivo da non admisión é que o documento solicitado non constitúe obxecto de información pública de acordo co artigo 18.1b) da Lei 19/2013 xa que foi o resultado dun estudo realizado no ano 2011 no marco dunha encomenda de xestión realizada pola Consellería do Mar ao CETMAR, polo que non procede facilitar o seu contido na medida en que se trata dun informe interno entre órganos desta administración.

Alega a Consellería que se trata dun informe sobre os recursos existentes nun momento determinado do tempo e que a día de hoxe carece de utilidade para fundamentar, desde o punto de vista unicamente biolóxico, decisións acerca da xestión da actividade.

A Consellería informa que como consecuencia do correo electrónico que aporta como parte do recurso, tivo lugar unha xuntanza entre o secretario xeral do [REDACTED] e membros da Dirección Xeral de Pesca onde se manifestou pola parte recorrente, a necesidade de poder acreditar diante de MSC (Marine Stewardship Council o Consejo para la Gestión Pesquera Sostenible) a transparencia da xestión que realiza a Xunta de Galicia en relación coa actividade de extracción de mexilla en rocha. Como resultado da reunión, emitíuse con data 03.11.2020 informe pola Dirección Xeral onde se da cumprida resposta á demanda do [REDACTED] polo que entenden satisfeitas as pretensións do [REDACTED], non sendo preciso facilitarlles o documento solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación remitida pola entidade reclamante, a resolución foille notificada con data do 17 de setembro de 2020, o último día para a presentación da reclamación foi o 17 de outubro de 2020. Dado que este día era inhábil, de acordo co disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. De acordo co anterior, ao estar presentada a reclamación o día 19 de outubro de 2020, primeiro día hábil seguinte ao 17, debe admitirse a reclamación por esta presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Consellería do Mar xustifica a inadmisión da solicitude de acceso presentada polo ██████████ en que o documento solicitado non constitúe obxecto de información pública de acordo co artigo 18.1b) da Lei 19/2013, xa que foi o resultado dun estudo realizado no marco dunha encomenda de xestión realizada pola Consellería do Mar ao CETMAR, polo que non procede facilitar o seu contido na medida en que se trata dun informe interno entre órganos desta administración.

Débese sinalar que o feito de que o informe se realizase a través da figura da encomenda de xestión, non supón que se trate dun informe interno, e que este motivo, sexa causa suficiente para inadmitir a solicitude.

As encomendas de xestión, definidas nos artigos 8 a 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, son un simple instrumento administrativo que posibilita que un órgano administrativo (neste caso a Consellería do Mar), lle encargue a outro (neste caso Cetmar) a realización dunha actividade de carácter material por razóns de eficacia, ou por non posuír o órgano encomendante, os medios técnicos idóneos para o seu desempeño, sen que este feito converta ao estudo realizado nunha información *auxiliar ou de apoio ou informe interno*, que xustifique a inadmisión da solicitude.

O artigo 18.1.b) da Lei 19/2013, permite a inadmisión das solicitudes de acceso referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.



Documentación auxiliar ou de apoio é un concepto xurídico indeterminado que ha de ser resolto atendendo a criterios de sentido común, en relación co contexto en que se sitúa e ao que debe dárselle unha interpretación claramente restritiva do ámbito de aplicación do artigo 18.1.b) da Lei, é dicir, unha interpretación abertamente favorable ao exercicio do dereito de acceso.

Debe ser a condición de auxiliar ou de apoio da información e non a súa denominación formal o elemento determinante para a aplicación da causa de inadmisión, polo que debe examinarse en cada caso a información da que se alega o seu carácter de auxiliar, ao obxecto de decidir si, efectivamente, conta ou non coa dita natureza.

A enumeración do artigo 18.1.b) é unha mera exemplificación que, en ningún caso, afecta a todos os conceptos enumerados, senón aos que realmente teñan a condición principal de auxiliar ou de apoio.

O Criterio interpretativo 6/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, concreta que a causa de inadmisión pode aplicarse cando a información solicitada conteña opinións ou valoracións persoais do autor que non manifesten a posición do órgano ou entidade, cando o solicitado sexa un texto preliminar ou borrador sen a consideración de final, cando se trate de información preparatoria da actividade do órgano ou entidade que recibe a solicitude, cando se refira a comunicacións internas que non constitúan trámites do procedemento ou cando se trate de informes non preceptivos e que non sexan incorporados como motivación dunha decisión final.

O criterio verdadeiramente determinante para a inclusión de determinada información no ámbito de aplicación do artigo 18.1.b) da Lei 19/2013 vén dado, en conexión coa propia finalidade da Lei manifestada no seu Preámbulo, pola súa relevancia para a rendición de contas, o coñecemento da toma de decisións públicas, e a súa aplicación, en unha interpretación claramente favorable ao exercicio do dereito.

Entre a información auxiliar ou de apoio á que se refire o artigo 18.1.b) da Lei 19/2013 destacan os informes internos pola súa importancia e significación no ámbito da actuación administrativa, así como pola frecuencia coa que se alega o seu carácter auxiliar. Por informes internos que xustifiquen a inadmisión da solicitude, debemos entender aqueles non preceptivos e que non se incorporaron á motivación final dun acto administrativo, carácter que parece que non se pode predicar do documento de carácter técnico sobre a *Cartografía del recubrimiento de semilla y percebe en el tramo entre Fisterra y A Garda*.

Por outra banda, o feito alegado pola Consellería de que se trata dun informe sobre os recursos existentes nun momento determinado do tempo e que a día de hoxe carece de

utilidade, non é motivo para que o dito informe non se deba considerar como información pública e por tanto excluído do acceso solicitado.

Por último, o feito de que como consecuencia da motivación da súa solicitude realizada polo [REDACTED] nun correo electrónico posterior á resolución impugnada, a Consellería realizase unha xuntanza co [REDACTED] e emitise un informe para dar resposta á demanda do [REDACTED], non xustifica a inadmisión da solicitude, nin pode entenderse satisfeitas as pretensións do [REDACTED] a efectos de acceso á información, dado que polo [REDACTED] como consecuencia da reunión e do informe emitido pola Consellería do Mar, non se manifestou a vontade de desistencia da reclamación presentada ante esta Comisión.

De acordo co anterior, dado que non se acreditou por parte da Consellería do Mar, o carácter auxiliar ou de apoio da información solicitada, procede, por considerar que o documento é información pública ao ser adquirido pola Consellería no exercicio das súas funcións, estimar a reclamación presentada polo [REDACTED] debendo a Consellería facilitar o acceso ao mesmo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada polo [REDACTED] en representación [REDACTED] con data do 19 de outubro de 2020, contra a Resolución do 17 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica pola que se inadmite a súa solicitude sobre o acceso ao documento "*Cartografía del recubrimiento de semilla y percebe en el tramo entre Fisterra y A Garda*", elaborado polo Centro Tecnolóxico do Mar.

Segundo: Instar a Consellería do Mar, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería do Mar, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)
Fecha: 2020.11.26 08:45:24 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.